

I.E.S. OTERO PEDRAYO - OURENSE

PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

I BACHARELATO

CURSO 2018-2019

Materia impartida polos profesores

José Vázquez-Monjardín Fernández

Álvaro Pérez Cancelas (nocturno)

Profesorado do Departamento

Ramón Estévez Barreira

Agustina Rodríguez Viña

Daniel Lorenzo Valdivieso

José Cacheiro Fernández

Carolina Suárez García

José Vázquez-Monjardín Fernández

Álvaro Pérez Cancelas

ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2- VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	38
4- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.....	40
5- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	42
6- ELEMENTOS TRANSVERSAIS	43
7- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	43
8- CONTRIBUCIÓN PROXECTO LECTOR.....	43
9- CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.	44
10- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....	45

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño 2015 (DOG 29-VI-2015), marca como finalidade do Bacharelato: proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

Obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliábeles preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIAIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Obxectivos xerais

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por

calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Competencias clave

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Distribución temporal e secuenciación.

Bloque 1- REVOLUCIÓN E CAMBIO NO SÉCULO XIX
As bases do mundo contemporáneo

U.D. 1- Capitalismo e revolución industrial				
Carga Horaria: 8 sesións				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,g,h,i,m	1.1.O capitalismo <ul style="list-style-type: none"> ▪ Orixe e evolución ▪ Trazos básicos 	1.1. Coñecer e valorar os elementos básicos do capitalismo como o sistema económico que se desenvolve a partir dos postulados do liberalismo e que facilitou as grandes transformacións económicas que marcaron a fin do Antigo Réxime.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.1. Identifica e caracteriza os trazos básicos do capitalismo do século XIX. ▪ 1.1.2. Analiza e comenta textos, gráficos e estatísticas relacionados coas características do capitalismo do século XIX. ▪ 1.1.3. Obtén, selecciona e elabora información a partir de diferentes fontes documentais e gráficas relacionadas cos inicios do capitalismo actual. ▪ 1.1.4. Elabora mapas conceptuais nos que relaciona os trazos básicos do capitalismo do século XIX. ▪ 1.1.5. Relacionar fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos. 	CSC CCL CAA CMCCT CSIEE CD
a,b,c,d,e,g,h,i,m l	1.2.A renovación das estruturas agrarias <ul style="list-style-type: none"> ▪ A agricultura no Antigo Réxime 	1.2. Identificar as principais características da revolución agraria iniciadas a finais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.1. Explica as principais transformacións do Antigo Réxime que afectaron ás 	CSC CCL CAA CMCCT CD

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cambios técnicos e novos sistemas de cultivo ▪ O novo modelo agrario 	do século XVIII e valorar os cambios con respecto á agricultura e gandería do Antigo Réxime.	<p>estruturas agrarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.2. Analiza e comenta textos, gráficos, imaxes e estatísticas relacionados coas transformacións agrarias do século XIX. ▪ 1.2.3. Sitúa no tempo e no espazo os principais acontecementos e procesos relacionados coas transformacións agrarias de finais do Antigo Réxime. ▪ 1.2.4. Define conceptos relacionados cos cambios agrarios iniciados a finais do século XVIII. ▪ 1.2.5. Compara as medidas establecidas en Inglaterra e España para transformar o réxime de propiedade da terra. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m n p	<p>1.3.A revolución industrial</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Revolución industrial e industrialización ▪ A primeira revolución industrial ▪ A segunda revolución industrial ▪ Consecuencias da revolución industrial 	1.3. Describir as fases da revolución industrial do século XIX, as súas características e as principais consecuencias económicas e sociais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.1. Identifica as causas da primeira revolución industrial. ▪ 1.3.2. Valora os condicionantes que explican que Inglaterra fose pioneira da revolución industrial. ▪ 1.3.3. Describe os sectores punteiros da primeira revolución industrial e as novidades que introduce a segunda. ▪ 1.3.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da 	CSC CCL CAA CD CMCCT CCEC

			<p>expansión dos transportes terrestres.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.5. Analiza e comenta textos, gráficos e estatísticas relacionados coas dúas primeiras fases da revolución industrial. ▪ 1.3.6. Analiza os sectores innovadores da industrialización galega. ▪ 1.3.7. Obtén, selecciona e elabora información a partir de diferentes fontes documentais e gráficas referidas á revolución industrial. ▪ 1.3.8. Describe os sectores innovadores da industrialización galega. ▪ 1.3.9. Valora o impacto da revolución industrial na literatura e na pintura. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>1.4.A revolución demográfica</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Cambio do réxime demográfico ▪ Éxodo rural e crecemento das cidades 	1.4. Definir as características do novo réxime demográfico e as consecuencias do crecemento da poboación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4.1. Explica as razóns do crecemento demográfico do século XIX e as súas consecuencias. ▪ 1.4.2. Analiza e comenta textos, gráficos e estatísticas relacionados cos cambios na demografía. ▪ 1.4.3. Obtén, selecciona e elabora información a partir de diferentes fontes documentais e 	CSC CCL CAA CD CCEC

			gráficas referidas aos cambios no réxime demográfico.	
			<ul style="list-style-type: none"> 1.4.4. Valora o impacto da revolución demográfica na literatura e nas artes plásticas. 	

U.D. 2- As revolucións liberais				
Carga Horaria: 8 sesións				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>2.1. Absolutismo, liberalismo e nacionalismo: fundamentos teóricos</p> <ul style="list-style-type: none"> O poder político no Antigo Réxime Liberalismo Nacionalismo 	<p>2.1. Identificar as características dos sistemas políticos de finais do século XVIII, destacando as achegas dos precursores e a actuación da burguesía para levalas á práctica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os elementos característicos dos sistemas políticos europeos do século XIX. 2.1.2. Emprega correctamente a terminoloxía específica relacionada cos sistemas políticos. 2.1.3. Recoñece no sistema liberal as bases dos sistemas democráticos. 2.1.4. Obtén, selecciona e elabora información a partir de diferentes fontes documentais e gráficas referidas aos sistemas políticos do século XIX. 2.1.5. Analiza e comenta textos seleccionados para identificar os fundamentos teóricos da ideoloxía absolutista, liberal e nacionalista. 2.1.6. Explica os elementos básicos dos sistemas 	<p>CSC CCL CAA CD</p>

			políticos a través dun mapa conceptual.	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	2.2.A revolución liberal. 1776-1814 <ul style="list-style-type: none"> ▪ Independencia e revolución en EEUU ▪ A Revolución francesa ▪ A revolución liberal española 	2.2. Valorar o proceso de independencia dos EE UU como expresión da primeira revolución liberal, explicar as causas da Revolución francesa recoñecendo os trazos máis significativos das súas fases e identificar os trazos da política exterior e interior do Imperio napoleónico.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2.1. Describe as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos valorando a elaboración da nova documentación liberal do novo goberno. ▪ 2.2.2. Explica as causas da Revolución francesa e as fases do seu desenvolvemento. ▪ 2.2.3. Analiza e valora as ideas liberais na nova documentación elaborada polos revolucionarios franceses. ▪ 2.2.4. Recoñece nos acontecementos revolucionarios de finais do século XVIII e primeira metade do XIX as bases dos sistemas democráticos. ▪ 2.2.5. Identifica nun mapa histórico a extensión do imperio napoleónico. ▪ 2.2.6. Valora os inicios da revolución liberal en España e as súas consecuencias para as colonias americanas. ▪ 2.2.7. Recoñece o impacto da revolución liberal na literatura e nas artes plásticas. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a,b,c,d,e,g,h,i,m	2.3. Restauración absolutista e vagas revolucionarias.	2.3. Explicar os principios da Restauración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións 	CSC CCL CAA

	<p>1815-1848</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A Restauración absolutista ▪ As revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848 	<p>absolutista e identificar os principais acontecementos das ondas revolucionarias liberais de 1820, 1830 e 1848.</p>	<p>do Congreso de Viena relacionándoas coas súas consecuencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.2. Compara as causas e os desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848. ▪ Identifica nun mapa histórico as novas fronteiras europeas xurdidas do Congreso de Viena. ▪ 2.3.4. Obtén, selecciona e elabora información a partir de diferentes fontes documentais e gráficas referidas á Restauración absolutista e vagas revolucionarias da primeira metade do século XIX. ▪ 2.3.5. Analiza e comenta textos seleccionados para identificar os fundamentos teóricos da ideoloxía absolutista, liberal e nacionalista. ▪ 2.3.6. Valora o impacto da reacción absolutista na literatura e nas artes plásticas. 	<p>CD CCEC</p>
--	--	--	--	--------------------

U.D. 3- As transformacións sociais

Carga Horaria: 10 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>3.1.A nova sociedade de clases</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Criterios de organización social ▪ Dominio social da burguesía ▪ Nacemento do proletariado 	3.1. Identificar os trazos da nova sociedade de clases dominada pola burguesía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1.1. Describe os trazos que caracterizan a sociedade estamental e a de clases. ▪ 3.1.2. Confecciona mapas conceptuais para relacionar aspectos relevantes das transformacións sociais. ▪ 3.1.3. Analiza as razón do apoio burgués á nova sociedade de clases. ▪ 3.1.4. Valora o impacto do dominio burgués na literatura e nas artes plásticas. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>3.2.O desenvolvemento do proletariado como clase social</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ludismo ▪ Cartismo ▪ Sindicalismo 	3.2. Comprender que os cambios sociais están intimamente relacionados coas transformacións económicas, políticas e ideolóxicas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2.1. Extrae información de diferentes fontes de información e analiza as condicións de vida do proletariado do século XIX. ▪ 3.2.2. Describe a orixe e o desenvolvemento do proletariado. ▪ 3.2.3. Elabora cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos e socioeconómicos. ▪ 3.2.4. Toma conciencia de que as desigualdades constitúen fontes de tensión social. ▪ 3.2.5. Comenta os trazos das 	CSC CCL CAA CMCCT CD

			primeiras formas de protesta proletaria organizada a partir de fontes documentais.	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	3.3.O pensamento socialista e anarquista <ul style="list-style-type: none"> ▪ Socialismo utópico ▪ Marxismo ▪ Anarquismo 	3.3.Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación dos obreiros no século XIX.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.3.1.Compara os trazos básicos das correntes de pensamento social da época da revolución industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. ▪ 3.3.2.Comenta, de forma crítica e a partir da documentación axeitada, a repercusión das novas ideoloxías nos movementos sociais. 	CSC CCL CAA CD
a,b,c,d,e,g,h,i,m	3.4.O internacionalismo proletario <ul style="list-style-type: none"> ▪ A Primeira Internacional. Enfrontament o Marx-Bakunin ▪ A Segunda Internacional. Formación dos partidos socialistas 	3.4. Describir a evolución dos métodos de loita do proletariado e valorar o proceso de internacionalización das organizacións obreiras.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.4.1. Distingue a explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. ▪ 3.4.2.Explica a evolución dos métodos de loita do proletariado e valora o proceso de internacionalización das organizacións obreiras. ▪ 3.4.3.Analiza e utiliza de forma crítica, a partir de material histórico diverso que reflicta algún conflito social, relacionándoo coa actualidade e tomando en consideración aqueles antecedentes históricos relevantes para a comprensión do mesmo. 	CSC CCL CAA CD CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> 3.4.4. Elabora un eixe do tempo no que se reflectan os datos máis destacados dos procesos de cambios políticos, sociais e económicos que marcaron para Europa a fin do Antigo Réxime e o nacemento da sociedade actual. 	
--	--	--	---	--

U. D. 4- Potencias burguesas e novos Estados

Carga Horaria: 8 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,g,h,i,m	4.1.O Estado burgués <ul style="list-style-type: none"> Predominio da monarquía constitucional O camiño cara á democracia A loita polos dereitos políticos das mulleres 	4.1. Identificar os trazos do Estado burgués e analizar os obxectivos do movemento sufraxista.	<ul style="list-style-type: none"> 4.1.1. Identifica e explica as bases da organización do Estado burgués. 4.1.2. Valora a expansión das institucións liberais como base das actuais sociedades democráticas. 4.1.3. Analiza e valora os obxectivos e a evolución do movemento sufraxista. 4.1.4. Obtén información de fontes iconográficas de época relacionadas coa expansión dos dereitos políticos nas sociedades de Europa occidental. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a,b,c,d,e,h,i,m	4.2.As potencias burguesas. Gran Bretaña e Francia <ul style="list-style-type: none"> A Inglaterra vitoriana A cuestión irlandesa Segundo Imperio francés A Terceira república en 	4.2. Describir os trazos políticos e sociais das principais potencias burguesas europeas: Gran Bretaña e Francia.	<ul style="list-style-type: none"> 4.2.1. Coñece as bases do sistema bipartidista inglés. 4.2.2. Describe a evolución do proceso de independencia irlandés. 4.2.3. Analiza gráficas e textos relativos á época vitoriana, Segundo imperio e Terceira república francesa. 	CSC CCL CAA CMCCT

	Francia		<ul style="list-style-type: none"> 4.2.4.Elabora un eixe cronolóxico cos principais acontecementos políticos da segunda metade do século XIX en Francia e Gran Bretaña. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	4.3.Os novos Estados. Italia e Alemaña <ul style="list-style-type: none"> A unificación italiana O novo reino de Italia A unificación alemá O Segundo Imperio alemán Os sistemas bismarkianos 	4.3.Coñecer o proceso de unificación de Italia e Alemaña.	<ul style="list-style-type: none"> 4.3.1.Analiza as causas e describe o desenvolvemento do proceso de formación de Italia e Alemaña. 4.3.2.Busca, selección e tratamento de información procedente de diversas fontes de información relacionada cos movementos nacionalistas europeos do século XIX. 4.3.3.Manexa cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos e socioeconómicos. 4.3.4.Analiza mapas relacionados co proceso de formación do novo Estado alemán e italiano. 4.3.5.Identifica as relacións existentes entre os factores económicos, políticos, sociais e culturais nos procesos nacionalistas europeos. 4.3.6.Valora o papel de pensadores e artistas na formación da conciencia nacionalista. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a,b,c,d,e,g,h,i,m	4.4.A Europa danubiana e balcánica <ul style="list-style-type: none"> O imperio austrohúngar o. A monarquía dual e a cuestión das nacionalidad 	4.4.Describir a evolución política dos países da área danubiana e balcánica.	<ul style="list-style-type: none"> 4.4.1.Sitúa no tempo e no espazo os principais acontecementos e procesos relacionados coa unidade. 4.4.2.Analiza mapas relacionados coa evolución das 	CSC CCL CAA CD CMCCT

	<ul style="list-style-type: none"> es ▪ A formación dos novos Estados na Europa balcánica ▪ Crises e guerras balcánicas 		<p>fronteiras na Europa danubiana e balcánica</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.4.3. Valora a complexidade étnica, relixiosa e cultural da zona como xeradora de tensións ▪ 4.4.4. Utiliza fontes e material histórico diverso que reflecta algún conflito nacionalista, relacionándoo coa actualidade e tomando en consideración aqueles antecedentes históricos relevantes para a comprensión do mesmo. ▪ 4.4.5. Elabora un eixe cronolóxico cos feitos que explican a evolución política dos Estados da área danubiana e balcánica. ▪ 4.4.6. Confecciona un mapa conceptual para relacionar as causas, evolución e consecuencias de procesos nacionalistas. 	
--	--	--	---	--

U. D. 5- Expansión colonial e imperialismo

Carga Horaria: 8 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>5.1. Expansión territorial, colonialismo e imperialismo</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Colonialismo ▪ Imperialismo 	5.1. Diferenciar os conceptos básicos relacionados coa expansión territorial dos Estados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1.1. Distingue e usa correctamente os conceptos básicos relacionados coa expansión territorial dos Estados. ▪ 5.1.2. Coñece as grandes etapas da evolución do imperialismo. 	CSC CCL CAA
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>5.2. Imperialismo e desenvolvemento capitalista</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O imperialismo 	5.2. Coñecer e valorar as principais causas da formación dos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2.1. Identifica as principais razóns da formación dos imperios coloniais 	CSC CCL CAA CSIEE

	<p>e os factores económicos</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O imperialismo e os factores político-ideolóxicos ▪ O imperialismo e os factores demográficos e sociais 	<p>imperios coloniais do século XIX.</p>	<p>do século XIX.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2.2. Debate, con documentación adecuada, sobre os argumentos que esgrimían defensores e detractores do imperialismo. ▪ 5.2.3. Mostra unha actitude crítica ante a loita polo control de recursos, de espazos e de sociedades por parte doutros Estados. ▪ 5.2.4. Identifica situacións de desigualdade provocadas polo afán de dominio económico e político. ▪ 5.2.5. Valora o dereito dos pobos, a exercer a súa soberanía e a desenvolver a súa cultura, sen prexuízo dos dereitos e das liberdades dos demais. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>5.3.O reparto do mundo</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Intereses e zonas de influencia das potencias imperialistas ▪ Incidencia da colonización nos territorios dominados 	<p>5.3.Describir a expansión imperialista dos países europeos e valorar a incidencia da colonización nos territorios dominados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.3.1. Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa expansión imperialista do século XIX. ▪ 5.3.2. Compara mapas históricos e identifica os países actuais que formaron parte dos diferentes imperios coloniais. ▪ 5.3.3. Analiza diversos mapas históricos e extrae conclusións sobre o trazado das fronteiras e de cómo estas responden a convencionalismos que as veces resultan arbitrarios. ▪ 5.3.4. Valora o 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>

			<p>labor científico de determinados científicos e institucións que exploraron territorios descoñecidos ata eses momentos, contribuíndo así a que a humanidade tivese unha descrición máis completa e real do planeta no que vive.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.3.5. Manifesta unha actitude crítica ante a crenza de sociedades superiores e inferiores que poden ser dominadas. ▪ 5.3.6. Valora a influencia das artes plásticas dos pobos dominados nas correntes artísticas europeas de comezos do século XX. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>5.4.A política imperialista dos Estados Unidos e Xapón</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Estados Unidos. Da doutrina Monroe ao <i>big stick</i> ▪ Xapón. Revolución Meiji e expansión colonial 	<p>5.4. Coñecer a evolución da política imperialista de EE UU e os trazos e consecuencias da revolución Meiji de Xapón.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.4.1. Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa expansión territorial norteamericana e xaponesa. ▪ 5.4.2. Valora os profundos cambios provocados en Xapón pola revolución Meiji. ▪ 5.4.3. Busca información e elabora un informe sobre as consecuencias da expansión colonial xaponesa. 	<p>CSC CCL CAA CD</p>
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>5.5.Rivalidades imperialistas e tensións prebélicas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Rivalidade franco-alemá ▪ Rivalidades coloniais e comerciais 	<p>5.5. Explicar as rivalidades imperialistas e a súa relación co inicio da Gran Guerra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.5.1. Elaborar un cadro sinóptico sobre as alianzas e tensións entre Estados en vésperas da Gran Guerra. ▪ 5.5.2. Comprende que as tensións que se crean no reparto 	<p>CSC CCL CAA</p>

			do mundo constitúen a antesala dos grandes conflitos bélicos do século XX.	
--	--	--	--	--

Bloque 2. A ÉPOCA DOS GRANDES CONFLITOS MUNDIAIS: 1914-1945
As grandes crises de transición ao mundo actual

U.D. 6- A Gran Guerra				
Carga Horaria: 6 sesións				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	6.1.O camiño cara á guerra <ul style="list-style-type: none"> ▪ Sistemas de alianzas e Paz Armada ▪ As tensións nacionalistas ▪ O clima prebélico 	6.1.Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada e valorar a suma de causas como detonantes da Gran Guerra.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.1.1.Describe os principais sistemas de alianzas durante a Paz Armada. ▪ 6.1.2.Identifica a interconexión das causas que provocaron a explosión da Gran Guerra. ▪ 6.1.3.Analiza e comenta documentos escritos e gráficos relacionados co clima prebélico. 	CSC CCL CAA
a,b,c,d,e,g,h,i,m	6.2.As magnitudes do conflito <ul style="list-style-type: none"> ▪ A extensión xeográfica ▪ A duración temporal. Fases da guerra ▪ As novas formas de guerra 	6.2.Describir os acontecementos que desencadearon o inicio da Gran Guerra, as fases da súa evolución e as novas formas de guerra.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2.1.Compara os plans de guerra dos Estados Maiores de Francia e Alemaña. ▪ 6.2.2.Reflicte sobre mapas os países dos bandos enfrontados. ▪ 6.2.3.Elabora un eixe do tempo sobre a evolución da Gran Guerra. ▪ 6.2.4.Analiza e comenta as diferentes fases da guerra a partir de documentación escrita, gráfica e cartográfica. 	CSC CCL CAA CD CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2.5. Valora a significación da crise de 1917 no desenvolvemento da guerra. ▪ 6.2.6. Comenta información audiovisual localizada na Internet sobre as trincheiras. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>6.3. A organización da paz e a Sociedade de Nacións</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os tratados de paz ▪ A Sociedade de Nacións 	6.3. Identificar os tratados de paz da Gran Guerra e vincularlos co xurdimento da Sociedade de Nacións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.3.1. Explica os tratados de paz que puxeron fin á Gran Guerra, especialmente o de Versalles. ▪ 6.3.2. Comenta as condicións que o Tratado de Versalles impuxo a Alemaña. ▪ 6.3.3. Analiza os obxetivos da Sociedade de Nacións a partir do documento fundacional. 	CSC CCL CAA
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>6.4. As consecuencias da guerra</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Consecuencias socioeconómicas ▪ Consecuencias políticas 	6.4. Analizar as consecuencias máis destacadas de orde social, económico e político ao finalizar a Guerra de 1914-1918.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.4.1. Extrae conclusións, a partir de diversas fontes documentais, sobre as consecuencias da Gran Guerra. ▪ 6.4.2. Identifica os cambios territoriais e políticos que se produciron en Europa tras a finalización do conflito a través de mapas históricos. ▪ 6.4.3. Comenta de forma crítica sobre as consecuencias desta guerra que supuxo a fin da hexemonía de Europa no mundo. 	CSC CCL CAA CD

U.D. 7- A Revolución rusa e o Estado soviético

Carga Horaria: 10 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	7.1.A crise do tsarismo <ul style="list-style-type: none">Problemas da Rusia tsaristaA revolución de 1905	7.1. Identificar os principais problemas da Rusia tsarista e a súa incidencia como desencadeante da revolución de 1905.	<ul style="list-style-type: none">7.1.1. Identifica e explica a situación económica, social e política da Rusia tsarista.7.1.2. Describe as causas e desenvolvemento da revolución de 1905 e as súas consecuencias.7.1.3. Valora o nacemento dos soviets como elementos revolucionarios.	CSC CCL CAA
a,b,c,d,e,g,h,i,m	7.2.1917: da caída do tsarismo ao poder dos soviets <ul style="list-style-type: none">Febreiro: a fin da autocraciaO programa bolxevique: as propostas de LeninOutubro: o triunfo da revolución bolxevique	7.2. Esquematizar o desenvolvemento da revolución soviética recoñecendo as súas etapas e os principais protagonistas e describir as súas consecuencias.	<ul style="list-style-type: none">7.2.1. Coñece e valora as fases da revolución soviética e 1917.7.2.2. Compara as consecuencias da revolución de febreiro e de outubro.7.2.3. Extrae as ideas básicas do programa bolxevique a partir de fontes documentais.7.2.4. Analiza imaxes e documentos audiovisuais consultables na rede relacionados coa revolución bolxevique.7.2.5. Elabora breves informes sobre as biografías dos principais protagonistas da revolución	CSC CCL CAA CD

			consultado Internet.	
a,b,c,d,e,g,h,i,m n	<p>7.3.O nacemento do réxime soviético. A época de Lenin</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os problemas bélicos ▪ As medidas económicas ▪ A construción do Estado soviético ▪ A Terceira Internacional 	7.3.Valorar as dificultades de asentamento do novo Estado soviético e os acordos tomados na Terceira Internacional.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.3.1. Identifica os principais problemas do novo Estado soviético e as solucións dadas polo goberno de Lenin. ▪ 7.3.2. Analiza os obxectivos da Terceira Internacional a partir do documento fundacional. ▪ 7.3.3. Coñece o impacto do triunfo soviético nos movementos revolucionarios europeos da época. ▪ 7.3.4. Valora o papel das artes gráficas como medio de propaganda política. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>7.4. A consolidación do Estado soviético. A era de Stalin</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Planificación económica ▪ Reestruturación do Estado: a Constitución de 1936 ▪ Burocratización ▪ Control político e ideolóxico ▪ Culto á personalidade 	7.4. Coñecer os trazos básicos da URSS da época de Stalin.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza os efectos da planificación stalinista a través de estatísticas e gráficas. ▪ Coñece os aspectos básicos da Constitución de 1936. ▪ Analiza o funcionamento do Estado soviético da época de Stalin. ▪ Explica as características da URSS de Stalin. 	CSC CCL CAA CMCCT

U.D. 8- Reconstrución, prosperidade e crise

Carga Horaria: 8 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,g,h,i,m n	8.1.Reconstrución e prosperidade nos anos vinte <ul style="list-style-type: none">As dificultades de Europa nos anos vinteEE UU: hexemonía e sociedade de consumo	8.1.Recoñecer as características dos anos vinte e as diferenzas entre os países europeos de EE UU.	<ul style="list-style-type: none">8.1.1 Describe os condicionantes das relacións internacionais dos anos vinte8.1.2.Explica as características económicas, sociais e políticas dos anos vinte e marca as diferenzas entre Europa e EE UU.8.1.3.Compara datos estatísticos do crecemento económico dos EE UU nos anos vinte.8.1.4.Localiza, analiza e comenta imaxes de libros e da Internet relacionadas cos “felices anos vinte”.	CSC CCL CAA CD CMCCT CCEC
a,b,c,d,e,h,i,m	8.2.A crise económica de 1929 <ul style="list-style-type: none">Antecedentes da criseO crac da Bolsa de Nova York	8.2.Coñecer o mecanismo de funcionamento da Bolsa e os acontecementos que desencadearon o crac da de Nova York en 1929.	<ul style="list-style-type: none">8.2.1.Sintetiza as causas da crise da Bolsa neiorquina de 1929.8.2.2.Ordena de forma cronolóxica, con apoio da documentación necesaria, feitos e de procesos significativos deste período, identificando os personaxes que foron relevantes e establecendo relacións entre a acción individual e as mentalidades e comportamentos colectivos.8.2.3.Analiza datos económicos relacionados coa Bolsa de Wall Street.8.2.4.Distingue	CSC CCL CAA CMCCT

			entre causas de longa e curta duración, así como das consecuencias a curto e longo prazo.	
a,b,c,d,e,g,h,i,m n	8.3.A Gran Depresión dos anos trinta <ul style="list-style-type: none"> ▪ As manifestación da depresión ▪ As teorías de Keynes ▪ O New Deal norteamericano ▪ A autarquía dos Estados fascistas 	8.3.Explicar a Gran Depresión describindo as súas manifestacións e as propostas de solución máis destacadas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3.1.Explica gráficas relacionadas coa crise económica de 1929. ▪ 8.3.2. Identifica as principais propostas de solución á Gran Depresión. ▪ 8.3.3.Elabora breves informes sobre as biografías de Roosevelt e Keynes consultado Internet. ▪ 8.3.4.Comprende que as medidas tomadas para solucionar a crise supuxeron a fin do liberalismo clásico e o inicio dun intenso intervencionismo estatal nas economías capitalistas. ▪ 8.3.5.Mostra unha actitude crítica ante as circunstancias que xeran problemas e desigualdades sociais. ▪ 8.3.6.Valora o impacto da Gran Depresión nas manifestacións artísticas. 	CSC CCL CAA CD CMCCT CCEC

U. D. 9- Democracias e fascismos

Carga Horaria: 10 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	9.1.A crise da democracia en Europa	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1. Identificar os trazos que caracterizan 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1.1. Sintetiza os trazos da crise da democracia na Europa dos 	CSC CCL CAA

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exacerbación do nacionalismo ▪ Crecemento do militarismo ▪ Descomposición do sistema parlamentario tradicional ▪ Aparición de novas forzas políticas ▪ As crises económicas e o incremento das tensións sociais 	a crise dos sistemas democráticos en Europa nos anos vinte.	<p>anos vinte.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1.2. Analiza as causas que poden levar ao establecemento de réximes políticos de tipo autoritario e/ou ditatorial, concretando o estudo ao período de entreguerras en Europa. ▪ 9.1.3. Extrae información de textos e imaxes relacionadas coa expansión dos sistemas ditatoriais na Europa dos anos vinte. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>9.2. Os sistemas fascistas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Totalitarismo, fascismo e sistemas autoritarios ▪ Características comúns dos sistemas fascistas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2. Coñecer os fundamentos ideolóxicos e os trazos comúns dos fascismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2.1. Sintetiza os postulados ideolóxicos dos sistemas fascistas. ▪ 9.2.2. Recoñece a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos mundiais. ▪ 9.2.3. Diferenza a existencia de matices ideolóxicos entre os distintos réximes considerados como fascistas, destacando o modelo italiano e alemán. ▪ 9.2.4. Valora a democracia ante calquera forma de violación da mesma, rexeitando calquera tipo de discriminación en razón de raza, sexo, 	CSC CCL CAA

			<p>nacionalidade, crenzas ou ideoloxía.</p> <ul style="list-style-type: none"> 9.2.5. Mostra solidariedade cos pobos que atravesan situacións de autoritarismo político e privacións de dereitos e de liberdades. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m,n	<p>9.3.A Italia fascista</p> <ul style="list-style-type: none"> O ascenso fascista ao poder A organización do Estado fascista Política exterior e fin do fascismo 	<ul style="list-style-type: none"> 9.3. Analizar o proceso de ascenso fascista en Italia e a aplicación dos seus postulados na organización do novo Estado fascista dirixido por Mussolini. 	<ul style="list-style-type: none"> 9.3.1. Describe o proceso de ascenso de Mussolini ao poder en Italia. 9.3.2. Analiza e comenta a organización do Estado corporativo italiano a partir de documentos e gráficas. 9.3.3. Valora imaxe de propaganda como elemento de control ideolóxico das ditaduras. 9.3.4. Selecciona e comenta imaxes e material cinematográfico localizado na rede relacionado co Estado fascista italiano. 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>
a,b,c,d,e,g,h,i,m,n	<p>9.4.A Alemaña nazi</p> <ul style="list-style-type: none"> Ascenso dos nazis ao poder Hitler no poder: a ditadura nazi 	<ul style="list-style-type: none"> 9.4. Analizar o proceso de ascenso nazi en Alemaña e a aplicación dos seus na ditadura de Hitler. 	<ul style="list-style-type: none"> 9.4.1. Describe o proceso de ascenso de Hitler e o partido nazi en A Alemaña. 9.4.2. Analiza e comenta o antisemitismo nazi como un dos trazos característicos desta ditadura. 9.4.3. Relaciona aspectos económicos da Alemaña nazi a partir de datos 	<p>CSC CCL CAA CD CMCCT CCEC</p>

			<p>estadísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.4.Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos. ▪ 9.4.5.Selecciona e comenta imaxes e material cinematográfico localizado na rede relacionado co Estado nazi alemán. ▪ 9.4.6.Valora a estética nazi na arte. 	
--	--	--	---	--

U. D. 10- A Segunda Guerra Mundial Carga Horaria: 8 sesións				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	10.1.As relacións internacionais nos anos trinta <ul style="list-style-type: none"> ▪ Fracaso da Sociedade de Nacións e da seguridade colectiva ▪ Nova política de alianzas e formación do Eixe ▪ As agresións alemás 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1.Comprender as relacións internacionais dos anos trinta e as agresións dos Estados fascistas como principais causas da Segunda Guerra Mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1.1.Analiza as relacións internacionais a partir de diferentes fontes textuais e gráficas. ▪ 10.1.2.Identifica e explica as causas desencadeantes da Segunda Guerra Mundial a partir de diversas fontes históricas. 	CSC CCL CAA
a,b,c,d,e,g,h,i,m	10.2.A Segunda Guerra Mundial <ul style="list-style-type: none"> ▪ As fases da guerra ▪ As novas formas de guerra e as súas consecuencias 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2.Establecer as etapas do desenvolvemento da guerra e valorar as novas formas de guerra, destacando a significación do holocausto nazi. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2.1.Explica as etapas da Segunda Guerra Mundial e a súa evolución. ▪ 10.2.2.Valora a significación do holocausto na historia mundial. ▪ 10.2.3.Elabora breves informes 	CSC CCL CAA CD CMCCT CCEC

			<p>biográficos sobre personaxes destacados da contenda mundial a partir de información obtida na Internet.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2.4. Mostra actitude razoada sobre o abuso que se fixo de determinados inventos científicos e tecnolóxicos. ▪ 10.2.5. Analiza material documental de época e de recreacións da aspectos concretos da guerra. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>10.3.A organización de paz e as Nacións Unidas</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A organización da paz ▪ As nacións Unidas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expoñer o proceso de organización da paz tras a fin da Segunda Guerra Mundial e da formación da ONU. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comenta o deseño da nova orde mundial que se fixo en alta e en Potsdam. ▪ 10.3.2. Valora a Organización das Nacións Unidas como organismo encargado de velar pola paz mundial. ▪ 10.3.3. Mostra actitudes de rexeitamento do emprego da violencia e a guerra como medio para conseguir o control de recursos humanos, económicos e espaciais. ▪ 10.3.4. Analiza o abuso que se fixo de determinados inventos científicos e tecnolóxicos. 	CSC CCL CAA

Bloque 3. O MUNDO ACTUAL: DA FIN DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL Á ACTUALIDADE
Cambio e continuidade no panorama mundial

U. D. 11- Guerra Fría e política de bloques

Carga Horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>11.1. Guerra Fría e bipolarización</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Características da Guerra Fría ▪ Fases da Guerra Fría 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.1. Comprender que a fin da Segunda Guerra Mundial deu paso a unha nova etapa na que se reestruturaron as alianzas entre Estados e que a maioría dos países independentes quedaron aliñados en dous bloques antagónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.1.1. Define os trazos xerais da Guerra Fría. ▪ 11.1.2. Describe as fases da evolución da Guerra Fría. ▪ 11.1.3. Elabora un eixe cronolóxico do período da Guerra Fría e sitúa nel os principais acontecementos. 	CSC CCL CAA
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>11.2. A formación dos bloques</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O bloque occidental ou capitalista ▪ O Bloque oriental ou comunista 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.2. Sintetizar os trazos ideolóxicos, políticos e militares dos dous bloques enfrontados durante a Guerra Fría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.2.1. Analiza os trazos ideolóxicos, políticos e militares dos bloques da Guerra Fría a partir de diferentes fontes documentais. ▪ 11.2.2. Compara as diferenzas entre o mundo capitalista e o socialista. ▪ 11.2.3. Localiza nun mapa histórico os principais países de cada un dos bloques. ▪ 11.2.3. Selecciona símbolos e imaxes que se identifican co bloque capitalista e co socialista. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>11.3. Fase áxida da Guerra Fría. 1947-1962</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Os conflitos máis 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.3. Describir os principais conflitos da época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.3.1. Identifica, explica e sitúa nun mapa histórico os principais conflitos da fase áxida da 	CSC CCL CAA

	destacados		<p>Guerra Fría.</p> <ul style="list-style-type: none"> 11.3.2.Valora o conflito dos mísiles de Cuba como o máis significativo dos conflitos da época. 11.3.3.Identifica o muro de Berlín como o símbolo dun mundo dividido. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>11.4.Coexistencia pacífica e distensión. 1962-1985</p> <ul style="list-style-type: none"> Factores que favorecen a distensión Carreira de armamentos e conferencias de seguridade e cooperación Os focos de tensión 	<ul style="list-style-type: none"> 11.4. Comprender e valorar os factores que contribuíron á evolución da Guerra Fría e describir os principais focos de tensión da etapa. 	<ul style="list-style-type: none"> 11.4.1.Identifica e sitúa no tempo os factores que máis contribuíron á superación da tensión do mundo en bloques. 11.4.2.Analiza as consecuencias das conferencias de seguridade e cooperación de finais da Guerra Fría. 11.4.3.Valora o papel dos líderes nos cambios producidos na superación do mundo en bloques a través da elaboración de breves sínteses biográficas. 	CSC CCL CAA CD
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>11.5.A fin da Guerra Fría e a desaparición da URSS.1985-1991</p>	<ul style="list-style-type: none"> 11.5. Identificar as razóns que acabaron por provocar a crise do socialismo real e a desaparición da URSS. 	<ul style="list-style-type: none"> 11.5.1.Valora os cambios producidos no bloque socialista que provocaron a fin da Guerra Fría. 11.5.2.Analiza e comenta os cambios que deron fin á Guerra Fría a partir de documentación histórica. 	CSC CCL CAA

U. D. 12- Democracias liberais e mundo de benestar

Carga Horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>12.1.A consolidación da democracia liberal</p>	12.1. Analizar a evolución e consolidación da	<ul style="list-style-type: none"> 12.1.1. Describe as características das democracias 	CSC CCL CAA

		democracia liberal nos países do bloque capitalista.	liberais da segunda metade do século XX. <ul style="list-style-type: none"> Analiza documentos significativos definidores das principais opcións políticas dos países capitalistas do período da Guerra Fría. 	
a,b,c,d,e,h,i,m	12.2.Desenvolvemento capitalista e terceira revolución industrial <ul style="list-style-type: none"> Trazos característicos Fases e características do desenvolvemento económico capitalista 	<ul style="list-style-type: none"> 12.2. Analizar a evolución da economía capitalista durante a Guerra Fría. 	<ul style="list-style-type: none"> 12.2.1. Identifica e define as fases do desenvolvemento capitalista durante a segunda metade do século XX a partir de documentos e gráficas. 12.2.2.Caracteriza os elementos constitutivos máis destacados da terceira revolución industrial. 12.2.3.Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do Benestar. 	CSC CCL CAA CMCC T
a,b,c,d,e,h,i,m	12.3.Os novos movementos sociais e de protesta no mundo do benestar <ul style="list-style-type: none"> A loita pola igualdade nos dereitos civís das minorías A rebeldía xuvenil A revolta estudantil Os movementos alternativos 	<ul style="list-style-type: none"> 12.3.Identificar e caracterizar os novos movementos sociais e de protesta que tiveron lugar en países do bloque capitalista durante a segunda metade do século XX. 	<ul style="list-style-type: none"> 12.3.1.Describe e valora os movementos sociais e de protesta máis destacados que tiveron lugar nos países capitalistas durante a época da Guerra Fría. 12.3.2.Extrae conclusións críticas ante as necesidades de consumo que suscita a sociedade actual. 12.3.3.Manifesta sensibilidade ante os problemas sociais derivados 	CSC CCL CAA

			de situacións de desigualdade.	
--	--	--	--------------------------------	--

U. D. 13- Democracias populares e países non aliñados

Carga Horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>13.1.Democracias populares e socialismo real</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Características das democracias populares ▪ A disidencia de Iugoslavia e China ▪ Problemas de bloque socialista. 1950-1980 ▪ A crise do socialismo real 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.1. Identificar os trazos das democracias populares, destacando o papel do socialismo soviético e da disidencia chinesa e Iugoslava. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.1.1. Describe os trazos políticos das democracias populares. ▪ 13.1.2. Explica os trazos básicos da economía socialista a partir de gráficas. ▪ 13.1.3. Analiza os casos da disidencia Iugoslava e chinesa a partir de diversas fontes documentais. ▪ 13.1.4. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política das repúblicas es soviéticas ▪ 13.1.5. Sintetiza o proceso das revolucións democráticas en Europa oriental e central. ▪ 13.1.6. Coñece os elementos que explican a crise de socialismo real e a nova orde mundial xurdida tras a desaparición da URSS e a caída dos réxime socialista de Europa do leste. ▪ 13.1.7. Compara mapas políticos da Europa do leste desde os anos oitenta ata 	<p>CSC CCL CAA CMCC T</p>

a,b,c,d,e,g,h,i,m	13.2.Descolonización e Terceiro Mundo <ul style="list-style-type: none"> ▪ Factores da descolonización ▪ O marco cronolóxico da descolonización ▪ As vías da independencia ▪ O Terceiro Mundo ▪ Non aliñamento e cooperación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.2. Describir as liñas básicas do proceso de descolonización e caracterizar os trazos básicos do Terceiro Mundo. 	a actualidade <ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.2.1. Identifica os principais factores da descolonización e as principais vías utilizadas para conseguir a independencia. ▪ 13.2.2. Enumera as etapas do proceso descolonizador. ▪ 13.2.3. Elabora un eixe cronolóxico no que sitúa as datas de independencia dos novos Estados xurdidos en África e Asia como consecuencia do proceso descolonizador. ▪ 13.2.4. Describe e analiza os trazos do Terceiro Mundo ▪ 13.2.5. Coñece e valora as dificultades dos países do Terceiro Mundo que lle impiden saír do subdesenvolvemento. ▪ 13.2.6. Analiza razoadamente os desequilibrios existentes entre países e as dificultades polas que atravesamos o mundo do subdesenvolvemento. ▪ 13.2.7. Localiza en mapas as zonas afectadas pola descolonización. 	CSC CCL CAA CD
a,b,c,d,e,g,h,i,m	13.3. América Latina <ul style="list-style-type: none"> ▪ Repúblicas oligárquicas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.3. Caracterizar a evolución política, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.3.1. Diferencia e define os diferentes 	CSC CCL CAA

	<p>transformacións liberais</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Populismo e industrialización ▪ Revolución socialista e reacción conservadora ▪ Democratización e dificultades económicas 	<p>económica e social de América Latina no século XX.</p>	<p>sistemas políticos das principais repúblicas hispanoamericanas e a súa evolución no século XX.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 13.3.2. Identifica as principais realizacións e dificultades de América Latina durante a segunda metade do século XX. ▪ 13.3.3. Describe o principais movementos políticos, sociais e culturais actuais de Latinoamérica consultando Internet. ▪ 13.3.4. Analiza os problemas económicos de América Latina a partir de datos estatísticos. 	<p>CD CMCC T</p>
--	---	---	--	--------------------------

U. D. 14- Globalización e diversidade cultural

Carga Horaria: 12 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a,b,c,d,e,h,i,m	<p>14.1. Globalización e desigualdade</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ O triunfo mundial do capitalismo ▪ Globalización e interdependencia económica ▪ Movementos alter e antiglobalización ▪ Sociedades posindustriais e novas formas de exclusión social 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.1. Identificar as características básicas do triunfo mundial do capitalismo, así como os movementos contrarios e alternativos á globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.1.1. Describe das características do capitalismo actual. ▪ 14.1.2. Analiza as características da globalización describindo a influencia sobre os medios de comunicación e o impacto que os medios científicos e tecnolóxicos teñen na sociedade actual. ▪ 14.1.3. Define os trazos do subdesenvolvemento nun mundo globalizado. 	<p>CSC CCL CAA CMCCT CSIEE</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A crise económica mundial 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.1.4. Analiza e valora os movementos contrarios e alternativos á globalización. ▪ 14.1.5. Analiza e comenta a orixe, desenvolvemento e consecuencias da crise económica mundial a partir de documentos escritos e gráficas. ▪ 14.1.6. Establece relacións entre os procesos migratorios e globalización a partir de fontes históricas. 	
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>14.2.A configuración xeopolítica do mundo actual</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Supremacía dos EE UU ▪ A transformación de Rusia ▪ A nova OTAN ▪ A desintegración de Iugoslavia ▪ As guerras balcánicas ▪ As guerras de África ▪ A nova potencia mundial: China 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.2. Identificar e describir as características da configuración xeopolítica do mundo actual, destacando o papel das velas e as novas potencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.2.1. Valora o papel de EE UU no contexto mundial. ▪ 14.2.2. Describe os principais cambios ocorridos en Rusia tras a desaparición da URSS. ▪ 14.2.3. Analiza o desenvolvemento económico de China e as súas características a partir de datos estatísticos e textuais. ▪ 14.2.4. Localiza en mapas e analiza as principais zonas de conflito bélico no mundo actual. ▪ 14.2.5. Elabora un informe sobre un aspecto concreto relacionado coa violación dos dereitos humanos na actualidade a partir de información na rede e material videográfico. ▪ 14.2.6. Extrae conclusións sobre aspectos do mundo actual que lle resultan de especial relevancia a partir de imaxes e material videográfico. 	CSC CCL CAA CD CMCCT

	<p>14.3.A Unión Europea</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ As orixes da Europa comunitaria ▪ A construción da Comunidade Económica ▪ A U.E. e a súa ampliación ▪ As institucións europeas ▪ Tratados de funcionamento o da U.E. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.3.Coñecer e valorar o proceso de integración europea e o papel das súas institucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.3.1.Explica o proceso de constitución da U.E. enumerando os fitos máis destacados da súa evolución. ▪ 14.3.2.dentifica os retos e problemas actuais da UE a partir de fontes xornalísticas. ▪ 14.3.3.Elabora un eixe cronolóxico sobre o proceso de formación da Unión Europea. ▪ 14.3.4.Localiza sobre un mapa político os países membros da Europa Comunitaria diferenciando por cores a data da súa incorporación. 	<p>CSC CCL CAA CMCCT</p>
a,b,c,d,e,g,h,i,m	<p>14.4.O mundo islámico</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Relixión e política no Islam ▪ O fundamentalismo islámico ▪ O terrorismo yihadista ▪ Guerras e conflitos en Oriente Medio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.4.Describir a evolución do mundo islámico na actualidade caracterizando os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.4.1.Localiza nun mapa os países de maioría musulmá. ▪ 14.4.2.Explica os trazos económicos, políticos, sociais e relixiosos do mundo islámico actual. ▪ 14.4.3.Relaciona características do mundo islámico e a súa incidencia na tensión e conflictividade mundial. Realiza unha busca guiada en Internet sobre as ameazas e as accións terroristas yihadistas. ▪ 14.4.4.Describe as características da ameaza terrorista islamita e os seus efectos sobre a vida cotiá das zonas máis afectadas. ▪ 14.4.5.Elabora un breve informe sobre os atentados do 11-S 	<p>CSC CCL CAA CD</p>

			<p>de 2001 e Nova York e/ou de Atocha en Madrid de 2004 consultando Internet.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 14.4.6. Valora a necesidade de ter un coñecemento histórico axeitado para poder comprender mellor os distintos problemas que nos afectan na actualidade. 	
--	--	--	--	--

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

Tendo en conta as distintas metodoloxías didácticas posibles na ensinanza da Historia, optamos por aquela que utiliza o dobre recurso á construción do coñecemento histórico sobre a base de fontes de diverso tipo e a exposición oral e dirección do profesorado na aula. É dicir, a ensinanza por Exposición significativa e a investigadora.

A ensinanza por exposición significativa, seguindo a teoría da aprendizaxe significativa de Ausubel e outros, permite conxugar dous elementos, procedentes da psicoloxía e da propia disciplina histórica: o carácter constructivo dos procesos psicolóxicos que interveñen na aprendizaxe do alumnado e a necesidade de que este aprenda non só o método do historiador senón tamén a rede conceptual básica da disciplina.

As condicións necesarias para que unha aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa serán que o material de aprendizaxe estea claramente organizado dunha forma lóxica e comprensible

para o alumno e que o material resulte potencialmente significativo. É dicir, na mente do alumno debe producirse unha subordinación da nova idea (ou concepto, ou información) á idea xa existente na mente do que aprende. Por iso fai falla lanzar un nexo entre as ideas previas dos alumnos e a nova información que se lle proporciona. Este nexo consistirá nunhas cantas ideas xerais que se presentan -oralmente ou por escrito- ó alumno antes de que se poña a traballar sobre os materiais organizados.

O coñecemento histórico, ensinado desta forma, reconstrúese máis que se descubre.

Inclináronos por unha posición ecléctica, na que sen embargo predomina a metodoloxía da aprendizaxe significativa reconstructiva, deixando o descubrimento para algunhas unidades ou partes de unidades nas que se queira insistir nas habilidades metodolóxicas ou destrezas de pensamento que permitan dominar a forma en que se constrúe a historia; e non esquecendo a necesidade de que o profesor ou profesora interveña na clase con explicacións que introduzan as unidades, orientando o traballo dos alumnos e sintetizando as conclusións ás que se debe chegar en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe. Non debe confundirse isto último coas tradicionais clases maxistras ou dictado de apuntes, que só en contadas ocasións deben facer acto de presenza na aula.

O tipo de **ACTIVIDADES** que acompañarán cada tema apoiaranse en documentos ou ben en supostos de busca que conleven o uso da bibliografía especializada, prensa, entrevistas ou reflexións metodolóxicas, para o cal o alumnado contará coas orientacións básicas, e que poden englobarse nos seguintes tipos:

-Comprobación de hipóteses formuladas respecto á resolución dun determinado problema histórico.

-Utilización de fontes históricas de distinto tipo, sabendo discernir a súa validez.

-Cuestións dirixidas a dar unha explicación multicausal ou intencional dos acontecementos históricos. A estas idades é conveniente presentar xa problemas complexos que deben ter unha resposta complexa: referímonos ás explicacións causais, especialmente as que teñen varias causas. Así mesmo, deben introducirse aquelas explicacións de carácter intencional e as que, seguindo o modelo de Topolsky ou Aróstegui, se acercan ás explicacións integradas, nas que se combinan os factores obxectivos como causas necesarias e os motivacionais ou intencionais, que constitúen causas evitables e pertinentes ós comportamentos individuais ou colectivos, dos que os seus actos poden derivar consecuencias desexadas ou non desexadas

-Comprensión do tempo en Historia, entendido como medición física (cronoloxía) ou como duración e cambio. Para o primeiro caso, poderíanse propor actividades de ordenación de acontecementos históricos nunha barra do tempo; a secuencia ordenada dun proceso histórico ou a ubicación de certos feitos dos que a súa data non se sinala nunha trama temporal. No segundo caso, as actividades deben dirixirse a resolver problemas de duración, aceleración histórica (tempo cronolóxico que dura un cambio revolucionario, é dicir, mostrar como se queiman as etapas en certas conxunturas históricas) e cambio (persistencia ou mobilidade de certas estruturas sociais, económicas, culturais, etc).

-O recurso á imaxe como fonte histórica. Comprendería actividades dirixidas á lectura e interpretación de imaxes do pasado, nos seus distintos formatos: pintura, gravado, fotografía, cine, vídeo.

-Utilización da bibliografía e redacción de traballos de síntese, nos que se recollen aspectos destacados da historia contemporánea que a xuízo do profesor poden ser motivo de ampliación e reflexión por parte do alumnado. Este tipo de actividade insírese no uso de fontes bibliográficas, a súa interpretación, o contraste de opinións entre historiadores e testemuñas da época analizada. etc.

-Comprobación dos coñecementos conceptuais. Estas actividades van dirixidas a medir o nivel de comprensión dos feitos estudados, a madurez na exposición, a complexidade nas explicacións e a situación no espacio e no tempo. En realidade, trátase do que tradicionalmente considerouse de forma exclusiva como coñecementos, pero que hoxe se amplía a todos aqueles que sinalamos anteriormente.

-Asunción de actitudes individuais e colectivas dirixidas a fomentar o respecto á diversidade, o fomento das actitudes tolerantes e dialogantes, a defensa do medio ambiente, a igualdade entre os sexos, e todos aqueles valores que conforman unha ensinanza democrática e libre de prexuízos e estereotipos. A esa finalidade diríxense as actividades que pretender fomentar eses valores entre o alumnado. Deben incluírse aquí os chamados temas transversais.

Materiais e recursos didácticos.

Consideramos que é positivo para os alumnos dispoñer dun libro de texto que aporte materiais para o traballo, o que tamén facilita a labor dos profesores. Decidimos adoptar para tal fin, ó adecuarse ó noso proxecto, o libro da editorial Baía Edicións de Consorcio Editorial Galego, “Historia do Mundo Contemporáneo” para 1º de Bacharelato.

Utilizaranse os medios didácticos idóneos para cada tema e dos que podemos dispoñer: textos, documentos, mapas, imaxes, vídeos, novas tecnoloxías (internet e proxector)...

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

4. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

A aprendizaxe da Historia conleva unha serie de dificultades relacionadas non só coa memorización, senón coa asunción de conceptos con frecuencia abstractos, procedementos propios da tarefa do historiador, e valores.

A avaliación ten que estar integrada no proceso de ensinanza aprendizaxe, non reducíndose, polo tanto, a actuacións illadas.

Con esas consideracións avaliaremos non só a aprendizaxe de feitos, conceptos e principios, senón tamén a de procedementos, actitudes e valores , o que fai preciso contar cos instrumentos de avaliación e medición axeitados. Estes **instrumentos** poderán ser os seguintes:

a) O coñecemento do alumnado que xorde da interpretación dos datos contidos na avaliación inicial, así como na utilización de técnicas de observación directa e indirecta.

b) O Caderno do alumnado, onde se poidan observar aspectos formais (a presentación), metodolóxicos (resumos, vocabulario específico), conceptuais (corrección de ideas previas, ampliación de contidos), procedementais e actitudinais.

c) Probas escritas e, nalgúns casos, orais do alumnado. Son controles ou probas dentro da avaliación sumativa, que permiten descubrir problemas e deficiencias no proceso de ensino-aprendizaxe, así como os distintos ritmos nese proceso. Valoraríanse, de forma especial, os contidos procedementais, a capacidade de razoamento e as actitudes alcanzadas.

d) Intervencións no conxunto da clase ou en pequeno grupo. Desta forma poderemos valorar as súas actitudes ante o traballo en equipo, a tolerancia, as aportacións razoadas de carácter individual, etc.

e) Cuestionarios, debates, postas en común, onde o alumnado poida manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do proceso educativo, así como enxuizar o papel do profesorado como orientador do traballo na aula.

f) Observación diaria por parte do profesor do traballo cotiá do alumnado na clase. Valoración da expresión oral e escrita, dos traballos realizados individual ou colectivamente, así como os traballos de indagación que se lles propoñeren.

Cualificación

Os procedementos e instrumentos para avaliar o traballo dos alumnos serán os seguintes:

-Exames. Serán o principal procedemento de avaliación e suporán un mínimo do 85% da cualificación final. As preguntas axustáranse aos contidos de cada unidade didáctica e ás actividades realizadas. O alumnado ha de coñecer con anterioridade o tipo de exercicios que vai realizar e farase constar no exame a puntuación de cada pregunta.

En cada unha das avaliacións realizaranse un mínimo dun exame en función do tempo que se dispoña e da marcha da materia.

Cada exame ou proba será valorada de 0 a 10 puntos, e nel poderán figurar: definición de conceptos, preguntas abertas para desenvolver, explicación, interpretación e comentario de textos, mapas, gráficos, imaxes, etc. segundo sexa o tema ou temas a examinar.

Para cualificar os exames teranse en conta os criterios xerais e específicos da materia, así como a claridade na expresión, a expresión escrita tanto gramatical como ortográfica, a coherencia na exposición das ideas, a adecuación nas respostas, a elaboración dun discurso lóxico, que faga referencia a fontes concretas e ben ubicadas no tempo, e un uso correcto e rigoroso da terminoloxía básica, a capacidade de relación, análise e comprensión dos feitos.

-Observación sistemática do traballo do alumno na clase (actitude, comportamento, interese, asistencia diaria, participación) e seguimento do caderno de traballo: as distintas tarefas realizadas, traballos de ampliación e indagación (apuntes, actividades, esquemas, mapas conceptuais...).

A valoración deste apartado suporá un máximo do 15% da cualificación final.

O profesor fixará exames e ou exercicios para que o alumnado poida **recuperar a materia pendente**. A realización deses exames e exercicios é obrigatoria e o non realizala suporá a non superación da materia.

Cualificación final

A cualificación final será a media aritmética da nota das tres avaliacións. No caso de terse presentado a algunha recuperación terase en conta a nota do exame de recuperación para facer a media.

A nota do aprobado será o 5. As notas inferiores a 5 implican non superar a materia, xa que o redondeo se ten realizado nas respectivas avaliacións.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria consistira nun exame cunha parte teórica e outra práctica. Cada parte terá diferentes preguntas e formarán dous bloques independentes. Deixar un bloque sen resposta pode implicar suspender a proba.

A nota do exame supón o 100% da cualificación.

Avaliación de pendentes

Faráanse dous exames parciais e unha proba final para os que non acadaran os obxectivos. Aqueles que non se presentaran as probas parciais deberán facer a proba final. Tamén se poderá mandar a realización de actividades dos temas correspondentes a cada exame que serán valorados na cualificación. As datas de celebración das probas serán comunicadas aos titores correspondentes e colocaranse no taboleiro de información.

5- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Unha vez explicado o tema o profesor proporá a realización de distintas actividades, tendentes a facilitar un mellor repaso do tema, e que serve para que o profesor recalque aqueles aspectos nos que puideran xurdir dificultades e permitindo que os alumnos que podan ter maiores dificultades reciban unha atención máis personalizada.

Igualmente, se detectáramos algún caso de alumno con altas capacidades, a realización destas actividades permitiría aplicar un tratamento máis específico ao mesmo, tendendo ao máximo aproveitamento das mesmas.

6- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais abranguen contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado dende a complementariedade.

Non poden formularse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inserido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.

Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro. Estes temas son: Educación ambiental, Educación para a paz, Educación do consumidor, Educación vial, Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos, Educación para a saúde, Educación na sexualidade e Educación cívica e moral

7- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Non está previsto realizalas, pois o programa resulta moi amplo e o tempo é necesario para o desenvolvemento do mesmo. Non obstante poderemos participar naquelas que organice o centro destinadas aos nosos alumnos.

8- CONTRIBUCIÓN PROXECTO LECTOR.

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. Nunha área como Xeografía e Historia a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos. Parece, polo tanto, preciso fomentar a lectura para garantir a comprensión lingüística dos alumnos.

- Potenciarase a lectura de libros recomendados.
- Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan Historia non só a través do texto expositivo, senón tamén doutros tipos de texto. Así mesmo ensinaráselles aos alumnos a ler textos históricos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a situar os textos no seu contexto histórico e xeográfico, e a seleccionar as ideas principais. Por outra banda

aprenderán a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información de varias fontes.

- Promoverase que os alumnos lean un conxunto de informacións para que formen a súa propia opinión sobre temas polémicos e de debatelos cos seus compañeiros.
- Intentarase que os alumnos aprendan a identificar os aspectos subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron. Ademais analizarán textos de todo tipo: políticos, económicos, periodísticos ...
- Proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán . Estas actividades de comprensión lectora poden ser de varios tipos:
 - Actividades sobre o vocabulario máis difícil ou específico.
 - Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
 - Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas (causa-efecto, comparación, semellanza ...) difíciles de descubrir polos alumnos, pois adoitan estar ocultos no texto.
 - Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas, etc., ferramentas que son moi útiles para comprender e estudar . actividades en que se pide aos alumnos que dean a súa opinión persoal e que implican a transformación do estudado en coñecemento propio.

9- CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi potentes desde o punto de vista didáctico. As posibilidades de traballar coas novas tecnoloxías son varias, cada profesor pode elixir, segundo os seus gustos e necesidades pero tendo sempre en conta a necesidade de compensar a desigualdade no acceso

- Recorreremos a Internet para buscar información sobre actividades ou diversos aspectos da materia
- Empregaremos recursos multimedia, con presentacións audiovisuais para os bloques que conforman a materia. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, se o houbera, ben simplemente cun ordenador e un canón. Estas presentacións poden incluír animacións, vídeos, imaxes, esquemas, textos e

actividades que poden proxectarse ao longo da explicación na clase e que, sen dúbida, farán máis rica e interesante a exposición.

10- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Descritores.

Recoñece, a partir da interpretación dun gráfico, a estrutura social do Antigo Réxime e as posibilidades de ascenso social que existían.

Xustifica a periodicidade da alza da mortalidade durante o Antigo Réxime, interpretando un esquema sobre as crises de subsistencia e un gráfico sobre as crises demográficas periódicas.

Recoñece os trazos que definían a sociedade do Antigo Réxime e que grupos sociais a compoñían.

Recoñece o modelo económico e demográfico que caracterizaba o Antigo Réxime e establece unha relación de retroalimentación entre ambos.

Identifica e describe os poderes do monarca no marco do absolutismo monárquico.

Recoñece o tipo de goberno que predominaba en Europa no século XVIII e as potencias que dominaban.

Distingue a distribución dos países e os imperios nun mapa tralo Tratado de Utrecht e o equilibrio europeo derivado.

Describe as características e as prerrogativas do Parlamento Inglés e algunhas das súas leis máis destacadas.

Caracteriza a revolución que tivo lugar en Inglaterra no século XVII e o cambio da monarquía absoluta pola monarquía parlamentaria.

Identifica e describe a posición económica da burguesía e o seu ascenso no século XVIII a partir dun texto, e compáraa coa súa posición social e extrae conclusións.

Explica a relación entre a aplicación de novas técnicas agrícolas ao longo do s. XVIII e o crecemento da poboación e o aumento das manufacturas.

Explica a doutrina económica que impulsou o comercio colonial no século XVIII.

Identifica a idea de soberanía nacional recollida na *Enciclopedia* de Diderot como unha idea nacida da Ilustración, base da teoría política liberal.

Describe os principios que inspiraron o pensamento ilustrado, como a liberdade e a igualdade, e como puxeron en crise o Antigo Réxime.

Explica as causas e o desenvolvemento da Independencia dos Estados Unidos.

Identifica o contido da Declaración de Independencia e o réxime político do novo estado.

Sintetiza os cambios nas relacións internacionais, os cambios económicos e as novas ideas políticas que impulsaron a evolución do Antigo Réxime.

Clasifica nunha táboa os trazos do Antigo Réxime segundo pertencen ao ámbito social ou ao económico.

Completa un esquema cos trazos máis característicos do Antigo Réxime.

Caracteriza a división de poderes que propugnaba Montesquieu.

Identifica nun mapa as rexións máis industrializadas de Europa no s. XIX.

Identifica e describe a revolución agrícola como unha das causas da Primeira Revolución Industrial.

Identifica e describe a revolución demográfica como unha das causas da Primeira Revolución Industrial.

Analiza un mapa sobre a extensión do ferrocarril por Europa no s. XIX.

Explica sinteticamente as causas que propiciaron a Primeira Revolución Industrial.

Identifica e describe a consolidación dunha economía de mercado como unha das causas da Primeira Revolución Industrial.

Identifica e describe a revolución agrícola como unha das causas da Primeira Revolución Industrial.

Comprende textos históricos referidos á revolución agrícola na Gran Bretaña.

Describe os cambios que supuxo a mecanización e o sistema fabril sobre as industrias algodoneira, siderometalúrxica e a minaría do carbón e o ferro.

Explica as características do liberalismo económico e o capitalismo.

Explica as causas e as consecuencias da crise de sobreprodución.

Identifica e describe o estilo de vida da burguesía e o proletariado nunha cidade industrial do s. XIX en base a varias pinturas.

Caracteriza a burguesía e o proletariado e establece as diferenzas existentes entre ambas clases sociais.

Explica con sentido crítico o papel da muller na sociedade industrial do s. XIX.

Explica sinteticamente as causas que propiciaron a Primeira Revolución Industrial.

Describe as novas formas de traballo industrial en base a pinturas.

Describe as causas e as diferenzas entre as crises económicas no Antigo Réxime e o capitalismo.

Describe os cambios que supuxo a mecanización e o sistema fabril sobre o espazo e a organización do traballo.

Analiza e compara as dúas Revolucións Industriais mediante un esquema.

Identifica e describe a revolución demográfica como unha das causas da Primeira Revolución Industrial.

Describe as novas formas de traballo industrial en base a pinturas.

Describe a cidade industrial británica a partir dun plano de Londres.

Analiza un eixe cronolóxico coas etapas da Revolución francesa, a época napoleónica e as Revolucións Liberais e os nacionalismos.

Explica o rexeitamento do Terceiro Estado dun sistema político e social que o marxina e a convocatoria por parte da nobreza dos Estados Xerais para rexeitar a reforma fiscal de Luís XV.

Explica a secuencia de acontecementos que acabou co Antigo Réxime e detalla o novo réxime político en Francia que non puido consolidarse.

Explica a radicalización da etapa republicana (1792-1799): república xirondina, república xacobina e república burguesa moderada.

Intepreta o cadro *A coroación de Napoleón*, de Jacques Louis David, un dos pintores que mellor encarnaron o espírito do Neoclasicismo.

Identifica nun mapa os países que se viron afectados pola expansión napoleónica.

Describe o intento das potencias europeas de restaurar a orde anterior ao Imperio napoleónico e á Revolución francesa no Congreso de Viena.

Interpreta o cadro *A liberdade guiando o pobo*, de Eugène Delacroix, un dos pintores que mellor encarnaron o espírito do Romanticismo.

Identifica por que os ideais liberais e nacionais se opúñan ao sistema da Restauración impulsada no Congreso de Viena.

Explica a Primeira ondata revolucionaria dos partidarios do liberalismo producida en Europa entre o 1820 e o 1824 contra a represión exercida polas autoridades absolutistas.

Explica a segunda ondata revolucionaria en Europa en 1830, os países implicados e o establecemento de gobernos liberais moderados na maioría de países da Europa occidental.

Identifica as reivindicacións sociais e políticas que emerxeron na Revolución do 1848 e o espertar das nacións que supuxo.

Describe a Unificación de Italia a partir da lectura de textos de Garibaldi e De Cavour e a consulta dun mapa que amosa as conquistas e integracións que desembocaron no nacemento de Italia.

Describe a Unificación de Alemaña a partir da lectura de textos de Müller, Von Bismarck e Federico Guillerme IV, rei de Prusia, e a consulta dun mapa que reflicte a formación do estado alemán.

Completa un cadro comparativo da Unificación de Italia e de Alemaña indicando as causas, as opcións ideolóxicas e as súas protagonistas e as diversas fases a partir de fontes primarias e mapas.

Completa un cadro sinóptico que compara a organización do poder, a sociedade, o sistema económico, o sistema fiscal e a organización xudicial antes da Revolución francesa e durante os diversos períodos da Revolución.

Elabora un eixe cronolóxico que amosa cada país de América Latina independizado e a súa data de independencia.

Le textos históricos e documentais e recoñece as primeiras repostas de protesta dos traballadores ante a situación de explotación laboral que sufrían.

Distingue as condicións laborais e de vida dos obreiros no século XIX e a súa indefensión ante o patrón.

Explica como eran as vivendas e os barrios dos traballadores no século XIX.

Analiza un gráfico sobre os gastos diarios dunha familia obreira e recoñece que o traballo apenas permitía a supervivencia dunha familia obreira.

Explica as condicións de traballo infantil e en que medida afectaba o desenvolvemento dos nenos.

Le un texto de Karl Marx e infire del o eixe esencial das relacións sociais, segundo o marxismo.

Le textos de Proudhon e de Bakunin e infire deles os principios básicos do anarquismo.

Le textos históricos que lle permiten comparar o socialismo utópico, o pensamento marxista e as correntes anarquistas.

Explica por que os traballadores empezaron a asociarse en sindicatos.

Caracteriza as asociacións Socorros Mutuos, as Trade Unions e a Great Trade Union como as primeiras asociacións de traballadores creadas entre o 1820 e o 1830.

Explica que foi o cartismo e a importancia que tivo para a organización política da clase obreira.

Explica as características da Primeira Internacional, nome polo que se coñece a primeira Asociación Internacional de Traballadores, o xeito no que se organizaba e as súas reivindicacións.

Explica o enfrontamento entre as ideas do socialismo marxista e as do anarquismo como unha das razóns máis importantes do fracaso da Primeira Internacional.

Describe a evolución do movemento obreiro de carácter anarquista e a súa consolidación no anarcosindicalismo.

Explica as causas do nacemento dos sindicatos e os partidos socialistas, as súas características e os seus obxectivos.

Explica que foi a Segunda Internacional e que lle achegou ao movemento socialista e ao conxunto do obreirismo.

Explica algún dos avances en dereitos sociais dos traballadores conseguido grazas ao asociacionismo obreiro, como a mellora do salario.

Compara nun cadro os aspectos máis importantes (fundación e cronoloxía, organización, participación e ideoloxía, extensión, obxectivos e reivindicacións e feitos relevantes) da Primeira Internacional e da Segunda Internacional.

Localiza en dous mapas a distribución das colonias e conclúe cal é a principal potencia colonizadora.

Explica as causas da Segunda Revolución Industrial, como o uso da electricidade, os novos medios de transporte, a expansión das redes de telegrafía e o desenvolvemento de novos produtos.

Explica as principais innovacións tecnolóxicas da Segunda Revolución Industrial e as súas consecuencias sociais e económicas.

Explica as causas do crecemento demográfico en Europa froito da segunda ondata de industrialización e a emigración da poboación europea a outros países.

Analiza con sentido crítico o taylorismo e o fordismo.

Explica nun gráfico de claves os factores impulsores da formación de imperios coloniais: políticos, demográficos, económicos, culturais e ideolóxicos.

Explica como se organizaron administrativamente os imperios coloniais e os diversos tipos de dominación exercida pola metrópole.

Localista nun mapamundi as colonias de cada imperio no século XIX para poder elaborar un cadro descritivo.

Completa un cadro cos oito principais conflitos coloniais, indicando a cronoloxía, os países implicados, as causas e a súa resolución.

Relaciona os conflitos desatados a causa da expansión colonial co aumento da tensión internacional previa á Primeira Guerra Mundial.

Identifica as consecuencias da dominación europea para os pobos colonizados a partir da lectura de fontes secundarias.

Recoñece as consecuencias da dominación europea sobre os pobos colonizados no ámbito económico, político, social e cultural.

Analiza os aspectos positivos e negativos da colonización e xustifica se a expansión colonial tivo un cariz máis civilizador ou máis dominador.

Distingue as innovacións consecuencia da segunda revolución industrial en comparación coa primeira a partir da lectura de textos e a análise de esquemas.

Concibe a expansión colonial como unha primeira globalización mundial a partir dos textos lidos e dos gráficos analizados.

Analiza e compara as dúas Revolucións Industriais mediante un esquema.

Interpreta un eixe cronolóxico que reflicte os acontecementos que tiveron lugar no período entre as revolucións liberais e a Primeira Guerra Mundial e as leis que iniciaron estes cambios.

Explica as características comúns que presentaban os países con réximes liberais democráticos.

Distingue as diferenzas entre Gran Bretaña, Francia e Alemaña e identifica que país tiña o sistema político máis democrático e cal o máis autoritario.

Identifica e explica as causas do predominio do Reino Unido no comercio mundial.

Describe o funcionamento do modelo de república democrática en Francia (III República) e a ampliación de dereitos e liberdades que impulsou.

Identifica unha amosa do esplendor e a potencia da industria británica na época vitoriana nunha imaxe da exposición universal de Londres de 1851.

Observa unhas imaxes e explica as diferenzas entre os diversos grupos sociais da Inglaterra Vitoriana, os valores que predominaban e o ideal de vida das clases acomodadas.

Explica as características da industria alemá, baseada nas técnicas e experiencias da revolución industrial inglesa e a estreita colaboración coa banca e o Estado.

Analiza o crecemento da poboación durante o mandato de Bismarck como unha das razóns do crecemento económico de Alemaña.

Explica cal era a posición alemá no comercio mundial durante o mandato de Bismarck e como se reflectía nas exportacións.

Explica que medidas tomou Alemaña con respecto á moeda e á banca e caracteriza a relación existente entre o Estado e os homes de negocios.

Explica as características da monarquía dual de Austria-Hungría e como se gobernaba cada territorio.

Xustifica a que problema de nacionalidades se enfrontaba o Imperio austrohúngaro.

Explica as características territoriais, políticas, económicas e sociais do Imperio Ruso.

Explica as reformas que introduciu o tsar Alexandre II, por que se paralizaron e as consecuencias que se derivaron disto.

Explica como se converteron os EE.UU. nunha nación cun enorme territorio e nunha gran potencia económica.

Explica cando e por que no Xapón se iniciou un proceso de industrialización e que características tivo.

Elabora un eixe cronolóxico que reflicte os gobernos e monarcas de cada estado e os feitos máis importantes ocorridos en cada etapa.

Describe que alianzas entre potencias se firmaron durante a Paz Armada e que aspiracións tiña cada unha delas a partir da observación dun mapa e a lectura de textos.

Xustifica por que se afirma que o imperialismo e o nacionalismo foron as causas da Primeira Guerra Mundial.

Xustifica por que se califica de “paz armada” o período anterior á Primeira Guerra Mundial.

Recoñece en debuxos e caricaturas a atribución da responsabilidade do conflito a determinados países.

Le e analiza a partir de fontes primarias e secundarias que países tiveron a responsabilidade no estalido da guerra e xustifica a súa conclusión.

Elabora un mapa conceptual sobre as fases da guerra, os países participantes, a evolución das fronte e as batallas a partir da observación dun mapa sobre o desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.

Explica a importancia do ano 1917 para o desenvolvemento e o desenlace da Guerra.

Recoñece a función propagandística dos carteis durante a Primeira Guerra Mundial a partir da observación e a análise dun cartel británico sobre a muller francesa durante a guerra.

Explica a partir dun gráfico e unha imaxe o aumento do número de mulleres traballadoras de municións no Reino Unido ao longo do conflito.

Explica a partir de imaxes que tipos de traballo desenvolveron as mulleres na retagarda.

Interpreta un gráfico sobre a oscilación da incorporación ao traballo das mulleres entre 1916 e 1920 e constata o descenso da ocupación feminina ao acabar a guerra.

Explica como se elaboraron os cinco tratados de paz e que condicións estipulaba cada un deles.

Explica por que o resultado da aplicación dos tratados de paz se denominou “a paz dos vencedores” e xustifica o malestar social que desencadeou.

Elabora un esquema das consecuencias demográficas, económicas e sociais da guerra.

Explica que era a Sociedade de Nacións, que obxectivos perseguía e que institucións a compoñían.

Describe as novas fronteiras de Europa e os novos estados xurdidos trala Primeira Guerra Mundial.

Explica que fases tivo a guerra e que caracterizou cada unha delas.

Xustifica por que a batalla de Verdún se converteu no símbolo da Guerra.

Completa un cadro indicando para cada ano do conflito, os países en guerra, as batallas e as operacións militares e outros aspectos relevantes.

Analiza os efectos demográficos da guerra a partir dunha pirámide de poboación.

Identifica as trincheiras como un símbolo da Gran Guerra.

Identifica as causas da revolución de 1905 e as pequenas reformas económicas e políticas que o tsar anunciou no Manifesto de Outubro.

Identifica os problemas da economía e a sociedade rusas a principios do século XX.

Explica cales eran as principais forzas da oposición ao tsar, a que grupos sociais representaban e a que aspiraba cada un deles.

Explica os factores que produciron o colapso do réxime tsarista en 1917.

Explica a revolución proletaria proposta por Lenin, que contrastaba coa revolución liberalburguesa iniciada en febreiro.

Identifica a situación de Rusia no verán de 1917 e os enfrontamentos políticos que se estaban evidenciando.

Identifica os erros que cometeu o goberno provisional xurdido trala Revolución de Febreiro que conduciron ao estalido da Revolución de Outubro.

Diferenciar e explicar os puntos de vista bolxeviques e os do goberno provisional xurdido da Revolución de Febreiro.

Explica as medidas tomadas polos soviets tras alcanzar o poder e os obxectivos que pretendían.

Compara o goberno establecido en Rusia tralas revolucións de 1905, de febreiro de 1917 e de outubro de 1917 e establece as diferenzas entre elas.

Completa un cadro descritivo e comparativo das causas, os obxectivos, os protagonistas, os acontecementos e os resultados da Revolución de 1905, a Revolución de febreiro de 1917 e a Revolución de outubro de 1917.

Completa un cadro comparativo dos grupos políticos en Rusia, o grupo social que representaban, o programa e os obxectivos que perseguían e o papel que desempeñaron na Revolución de 1917.

Elabora unha presentación dixital describindo os acontecementos da Revolución Rusa de Febreiro a Outubro.

Elabora un eixe cronolóxico situando os acontecementos da Revolución Rusa.

Explica as diferenzas entre a industrialización de Rusia e a de Gran Bretaña e Alemaña.

Visiona un vídeo e identifica os principais problemas sociais de Rusia entre 1900 e 1914.

Observa e comenta caricaturas elaboradas durante o Período de Entreguerras que reflicten a dificultade dos europeos, especialmente os alemáns, para pagar as débedas de guerra.

Explica como lle afectou a Primeira Guerra Mundial á economía europea.

Explica por que as reparacións e a débeda de guerra foron un problema recorrente na década do 1920 e se converteron nun obstáculo para a recuperación económica.

Explica que factores converteron os Estados Unidos na primeira potencia económica mundial.

Recoñece os desequilibrios e as desigualdades na sociedade americana causadas pola crise das industrias tradicionais e a crise agraria froito da sobreprodución.

Explica en que consistiu a febre bolsista nos Estados Unidos e que desequilibrios económicos xerou.

Explica como se creou a burbulla especulativa bolsista e como desembocou nunha ondada de vendas de títulos que causou o derrubamento das cotizacións.

Identifica nunha imaxe prototípica dunha vítima do crac bolsista de Nova York intentando vender o seu coche a prezo de saldo.

Identifica nun gráfico a evolución dos prezos nos EE.UU. e a caída que experimentaron entre 1929 e 1933.

Avalía o afundimento da produción industrial nos EE.UU. tralo crac bolsista.

Interpreta a relación entre o descenso da produción e o aumento do paro nos EE.UU. nos anos da Gran Depresión.

Explica como se expandiu a crise de EE.UU. a Alemaña, Italia e a Gran Bretaña analizando a porcentaxe do PIB e de parados entre o 1930 e o 1934.

Explica a evolución negativa do comercio mundial entre 1929 e o 1933.

Recoñece nun debuxo as políticas do New Deal para superar a crise económica e paliar os seus efectos sociais.

Recoñece nun gráfico a caída do valor das accións e da produción nos EE.UU.

Identifica en imaxes a magnitude das consecuencias sociais da Gran Depresión, como a fame e a desnutrición e o paro.

Explica as condicións de vida dos emigrantes e a poboación vítima da Gran Depresión a partir da observación de imaxes.

Explica que réximes parlamentarios de Europa trala Primeira Guerra Mundial non chegaron a consolidarse e derivaron en totalitarismos e ditaduras.

Identifica os problemas de carácter económico que afectaron a vencedores e vencidos trala Primeira Guerra Mundial.

Analiza como influíron os conflitos sociais e o medo á expansión do comunismo nas democracias europeas no período de entreguerras.

Explica os elementos que definen o fascismo, como o poder do líder, a importancia do Estado fronte ao individuo, a defensa da violencia e a guerra, a oposición á democracia e o socialismo e o racismo e o antisemitismo.

Sinala as diferenzas entre un réxime fascista e un réxime democrático.

Identifica a bandeira coa esvástica como o símbolo máis característico da Alemaña nazi.

Explica que proceso levou ao triunfo do fascismo en Italia e por que os grandes industriais e capitalistas o apoiaron.

Explica as características básicas do Estado fascista italiano e o obxectivo da súa política económica e social.

Explica os factores do contexto político, económico e social da Alemaña de posguerra que favoreceron o ascenso de Hitler ao poder.

Describe o proceso que seguiu Hitler para facerse con todos os poderes en Alemaña, as medidas que implantou para nazificar o país e relaciónao coas características que definen un réxime totalitario.

Compara as semellanzas e as diferenzas entre o fascismo de Mussolini e o de Hitler.

Explica os obxectivos dos Plans Quinquenais do réxime totalitarista soviético de Stalin e a intención de illarse das influencias do capitalismo mundial.

Caracteriza a represión estalinista e as consecuencias das diversas depuracións que se levaron a cabo.

Explica por que as democracias máis consolidadas en Europa conseguiron non desembocar en réximes totalitarios.

Explica razoadamente por que triunfaron os totalitarismos en Italia, Alemaña e a URSS.

Explica, a partir da lectura dun texto dun discurso, as razóns de Hitler para abandonar a Sociedade de Nacións.

Identifica os problemas derivados da posguerra e os acordos adoptados en Versalles como unha das causas da Segunda Guerra Mundial.

Identifica o principio expansionista de Alemaña e os países que compartiron esta política e formaron o Eixe.

Explica en que consistiu a política de apaciguamento da SDN e as consecuencias da súa inacción ante a expansión de Alemaña, Italia e Xapón.

Explica o principio expansionista do Xapón e compárao co de Alemaña.

Identifica nun mapa os territorios que formaban a Gran Alemaña e as ofensivas do Eixe entre os anos 1939 e 1942.

Explica as vitorias do Eixe nos primeiros anos da Guerra, etapa coñecida como “guerra lóstrego”.

Identifica o cambio de traxectoria do conflito a partir de 1942 que conduciu á mundialización do conflito.

Recoñece a magnitude da traxedia do Holocausto en imaxes que reflicten as deportacións e os campos de exterminio.

Recoñece o significado da traxedia do Holocausto dentro da historia mundial.

Identifica nun mapa as principais ofensivas dos aliados entre os anos 1942 e 1945.

Explica as contraofensivas aliadas e as primeiras derrotas do Eixe nos anos 1942 e 1943.

Explica o desenlace final da guerra en Europa en 1945 e identifica o desembarco de Normandía e a derrota de Alemaña na fronte rusa como os feitos que o precipitaron.

Identifica as fases da Guerra no Pacífico e a derrota xaponesa.

Identifica nun mapa as ofensivas aliadas na Guerra do Pacífico entre os anos 1942 e 1945.

Analiza a partir dunha táboa as consecuencias demográficas da II Guerra Mundial.

Explica as repercusións económicas e o impacto moral do conflito e que supuxo a guerra na evolución do século XX.

Explica o obxectivo da ONU.

Explica que establece a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o contexto que levou á súa aprobación.

Identifica os conflitos da Guerra Fría e os países implicados.

Identifica nun mapa a división do mundo en bloques antagónicos.

Deduce que sucesión de acontecementos levaron á formación de dous bloques antagónicos na Europa de posguerra.

Describe as diferenzas ideolóxicas entre Estados Unidos e a URSS en 1945.

Identifica as diferenzas entre o sistema político democrático dos Estados Unidos e a Ditadura do proletariado da URSS.

Observa e analiza caricaturas da división do mundo en bloques e de propaganda anticomunista e anticapitalista.

Describe as diferenzas entre a doutrina Truman e a doutrina Jdanov.

Caracteriza as fases e as consecuencias da Guerra de Corea (1950-1953).

Describe a crise dos mísiles a partir dun mapa que reflicte a situación de Cuba en 1962.

Explica o desenvolvemento da Guerra de Vietnam (1954-1975).

Explicar o retorno á Guerra Fría na década de 1980 e o papel que tivo a invasión soviética de Afganistán.

Caracteriza a carreira de armamentos durante a Guerra Fría a partir das bases e as alianzas militares de ambos bloques.

Observa e analiza caricaturas que reflicten as distintas conxunturas da relación entre EE.UU. e URSS.

Redacta un discurso para ser lido en público coa argumentación de EE.UU. para intervir en Vietnam.

Valora o impacto da guerra na poboación e a economía vietnamitas.

Atribúelle un discurso de Jrushev e outro de Kennedy ao bloque correspondente e comenta a postura de ambos ante a crise dos mísiles de Cuba.

Apunta aos movementos nacionalistas, á debilidade da metrópole, a opinión pública favorable e o apoio das grandes potencias xurdidas trala II Guerra Mundial como as causas da descolonización.

Explica as diferentes vías de acceso ao proceso de descolonización.

Explica as etapas da descolonización segundo as zonas xeográficas.

Compara exemplos en que a independencia foi o resultado dun conflito armado e outros nos que o foi dunha negociación.

Localiza nun mapa os principais conflitos derivados da descolonización.

Explica o desenvolvemento da independencia da India.

Observa nun mapa e explica como se levou a cabo o proceso da independencia da India británica e as consecuencias da súa partición.

Observa nun mapa e explica como se levou a cabo a partición do territorio de Palestina en 1947 e que estados se repartiron o territorio despois da primeira guerra árabe-israelí.

Explica como se levou a cabo a colonización do África austral e como se independizou despois do Reino Unido.

Localiza nun mapa os países que participaron na Conferencia de Bandung, que deu orixe ao Movemento de Países non Aliñados.

Deduce que se evitaba co non aliñamento a partir da lectura do discurso de Nehru na conferencia de Bandung.

Analiza a evolución demográfica de África e Asia a partir dunha gráfica e a distribución da pobreza no mundo a partir dun mapa.

Localiza nun mapa a xeografía da pobreza do mundo no ano 2013.

Explica a relación existente entre a subalimentación e o colonialismo.

Explica as características do neocolonialismo e as súas consecuencias sobre os países en vías de desenvolvemento.

Le a Declaración da Asemblea Xeral da ONU de 1960 na que se proclama a necesidade de pórlle fin ao colonialismo en todas as súas formas.

Completa un cadro sobre o proceso de descolonización de diferentes colonias e establece unha cronoloxía.

Describe a evolución económica da URSS entre o 1940 e o 1965 a partir da súa agricultura e a súa industria.

Busca información na internet sobre a primavera de Praga e explica a súa defensa dun socialismo democrático compatible cunhas institucións libres.

Busca información na Internet sobre a primavera de Praga e explica a súa defensa dun socialismo democrático compatible cunhas institucións libres.

Analiza unha imaxe da caída do muro de Berlín como o símbolo do fin da Guerra Fría e o inicio da reunificación de Alemaña en 1989.

Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países do Báltico formados trala caída do muro de Berlín.

Explica os procesos que conducen á independencia dos países do Leste.

Explica o fracaso de Gorbachov no seu proxecto de continuidade na URSS.

Identifica a diversidade nacional, relixiosa e étnica de Iugoslavia en 1991.

Explica a política inobilista que se volveu implantar na URSS con Breznev e o estancamento económico e a crise política que se derivaron.

Define que foron a perestroika e a *glasnost*.

Explica as reformas que impulsou Gorbachov en política interior e exterior e en economía.

Localiza nun mapa as repúblicas xurdidas trala partición de Iugoslavia.

Explica os factores que precipitaron o conflito étnico en Iugoslavia.

Explica por que se produciu a guerra en Bosnia e como se levou a cabo.

Explica que foron os acordos de Dayton e as súas consecuencias.

Completa un esquema que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS e explica as súas causas e as súas consecuencias.

Analiza unha táboa sobre a evolución do produto per cápita dos países comunistas entre os anos 1938 e 1998.

Interpreta un eixe cronolóxico sobre o proceso de construción da Unión Europea.

Identifica nun mapa a renda per cápita dos países capitalistas.

Explica as desigualdades sociais da economía de EE.UU. entre os anos 1973 e 1993.

Explica as características do modelo económico baseado na prosperidade económica e o consumismo.

Explica as desigualdades da sociedade estadounidense e os sectores máis desfavorecidos.

Explica como é a democracia estadounidense.

Explica as diferentes etapas da construción europea.

Explica que institucións creou a CEE para o seu funcionamento e que funcións se asignaron a cada unha delas.

Explica a implementación do neoliberalismo, sobre que principios económicos se fundamentou e que consecuencias tivo a súa aplicación.

Explica como é a industrialización do Xapón e as peculiaridades do capitalismo neste país.

Explica que son os dragóns asiáticos e compara a economía destes países coa xaponesa.

Elabora un esquema que describe en que consiste o Estado do benestar e explica cada un dos seus aspectos.

Identifica os aspectos que simbolizaban o Estado do benestar nunha imaxe dunha familia de clase media norteamericana.

Busca na Internet obras de arte pop para caracterizar o consumismo e o estilo de vida norteamericano desde un punto de vista crítico.

Explica as consecuencias que se derivaron do 11S para a política interior e exterior estadounidense e como afectou esta política aos cidadáns.

Identifica as sucesivas ampliacións da UE e os pasos seguidos para garantir a integración de todos os estados.

Identifica que políticas auspiciou a UE para facer fronte á crise iniciada en 2007.

Xustifica se a crise económica pode chegar a pór en dúbida a existencia da UE.

Explica as causas que provocaron o fracaso do reformismo panarabista e o auxe do fundamentalismo islámico.

Explica que foi a primavera árabe, que causas a provocaron e os seus efectos.

Explica as causas dos conflitos bélicos en África e da violencia contra a poboación civil.

Explica o proceso de democratización vivido en Latinoamérica.

Explica o auxe dos movementos reformistas de carácter progresista baseados na igualdade e o nacionalismo.

Identifica a desigualdade social como unha das causas da violencia nalgúns países.

Explica a mellora económica latinoamericana, baseada no incremento das relacións económicas internas e os grandes investimentos.

Explica como lle afectan os BRICS (Brasil, Rusia, India e China) ao mercado laboral de Europa e o mundo occidental.

Compara que aspectos teñen en común os BRICS e que intereses diverxentes os separan.

Compara o PIB de China e India.

Identifica no desenvolvemento da investigación científica e o das telecomunicacións como os factores que fixeron posible a globalización.

Elabora unha recensión dun libro sobre a globalización e as súas consecuencias económicas, políticas e culturais.

Explica, a partir dunha imaxe, como a globalización uniformou os hábitos de consumo da poboación mundial.

Busca información na Internet sobre as operacións de mantemento da paz no mundo.

Busca información na Internet sobre as operacións de mantemento da paz no mundo.

Valoración dos descritores:

- Indicador de non logrado: ser incapaz de explicalo ou facelo.
- Indicador de logro baixo: ter dificultades para explicalo ou facelo.
- Indicador de logro medio: explicalo ou facelo sen dificultade de forma sinxela.
- Indicador de logro alto: explicalo ou facelo de xeito excelente e ao máximo nivel.

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A programación é revisada ao longo de todo o curso escolar nas sucesivas reunións do Departamento que se realizan mensualmente, con especial fincapé na reunión final, tralo remate do curso académico.

A fin de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, ao final de cada avaliación o profesor entregará ao alumnado unha ficha (ANEXO I) para que se cubra de forma anónima.

ANEXO I: Cuestionario alumnado para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1.- *A disciplina respostou as túas expectativas?*

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Moito</i>	

2.- *Consideras que a disciplina é de utilidade para a túa vida diaria?*

<i>Nada</i>	
<i>Poco</i>	

<i>Bastante</i>	
<i>Mucho</i>	

3.- *Consideras que foi de utilidade para outras disciplinas?*

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Moito</i>	

4.- *Os temas abordados resultan aplicábeis distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal e académico?*

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

5.- *Consideras que as temáticas abordadas foron axeitadas?*

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

6.- *Consideras axeitada a metodoloxía empregada?*

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

7.- *Consideras axeitada a secuencia dos temas tratados?*

<i>Si</i>	
<i>No</i>	
<i>Por que?</i>	

8.- *Valora a parte práctica*

	<i>Moi mala</i>	<i>Mala</i>	<i>Boa</i>	<i>Moi boa</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				
<i>Adaptación aos contidos</i>				
<i>Reforzo da parte teórica</i>				

<i>Aclaración de dúbidas</i>				
------------------------------	--	--	--	--

9.- Valora a actuación do profesor con respecto aos seguintes aspectos:

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>				
<i>Claridade da exposición</i>				
<i>Atención persoal aos alumnos</i>				
<i>Aclaración de dúbidas</i>				

10. Como mellorarías a disciplina?